



III EDICIÓN FORO E PREMIOS GALICIA ALIMENTACIÓN

Estratexia e desafíos de futuro do sector galego
alimentario e das bebidas no horizonte 2020

PROGRAMA E RELATORES

Organizador



clúster alimentario de galicia

Colaboradores principais



XUNTA
DE GALICIA

Patrocinadores



Entidades colaboradoras



Universidade de Vigo



Fundación
Juana de Vega



Entidades participantes



1 de xuño de 2017

PROGRAMA

ASEMBLEA XERAL CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA

09.00 *Benvida aos asociados*

09.15 Asemblea Xeral de socios do Clúster Alimentario de Galicia

FORO E PREMIOS GALICIA ALIMENTACIÓN

10.00 *Benvida aos convidados*

10.10 Acto de inauguración. *D. Juanjo de la Cerda y L. Baspino. Director Corporativo de I+D, calidade e sustentabilidade de Nueva Pescanova. Vicepresidente do CLUSAGA*

BLOQUE I INNOVACIÓN EN ALIMENTACIÓN E SAÚDE: O PROXECTO INCLUSILVER

10.15 Panel de expertos. Oportunidades na innovación en nutrición personalizada na poboación senior
D^a Nuria María Arribas Vera. Directora de I+D+i da FIAB. Secretaria da PT Food for Life-Spain
D Jaime Veiga Pazos. Global Strategic Insights - Southern Europe Head de Johnson & Johnson
D^a Ana Isabel do Rego Felgueiras. European Projects Manager do Clúster Alimentario de Galicia
D Manuel Antonio Botana López. Doutor en Endocrinoloxía no Servizo de Saúde de Galicia SERGAS
Modera: D. Antonio Cuevas. Responsable de I+D+i Grupo Calvo Conservas

11.30 *Pausa café*

BLOQUE II A INDUSTRIA ALIMENTARIA E DAS BEBIDAS E OS DESAFIOS DO FUTURO

11.55 Introducción *D. Juan A. Vázquez Gancedo. Director de Bodegas Martin Códax. Presidente do CLUSAGA*

12.00 Conferencia. O mercado de produtos de gran consumo e o comprador: situación e tendencias
D Luis M. Pasamontes. New Business Development Manager en Nielsen España

12.20 Conferencia. A busca do que parece imposible.
D Carlos Moro González. Presidente do Grupo Matarromera

12.50 Conferencia. O futuro do sector alimentario: desafíos globais
D Ignacio González Hernández. CEO de Nueva Pescanova

13.20 Conclusións e debate *D. Miguel A. Otero Simón. Director do Mascomex-USC*

13.30 Cerimonia de Entrega dos III Premios Galicia Alimentación
Preside: *D. Alberto Núñez Feijoo. Presidente da Xunta de Galicia*
Proxección do vídeo institucional Clúster Alimentario de Galicia: A industria do futuro

Acto de entrega dos III Premios Galicia Alimentación 2017

- Premio ao proxecto empresarial
- Premio ao produto innovador do ano
- Premio á estratexia de mercado e internacionalización
- Premio á proxección sectorial

14.00 Acto institucional de clausura

14.30 *Cóctel de alimentos e viños galegos dos asociados*

En paralelo sesión de pósters de tendencias de alimentación 2017 e mostra de produtos finalistas na categoría produto innovador do ano 2017

Organiza:



Patrocinan e colaboran:





Foro Galicia Alimentación

RELATORES I



GRUPO MATARROMERA

Carlos Moro González

Doutor en Enoloxía e Viticultura pola Universidade Politécnica de Madrid, Diplomado en Economía da PEME pola Universidade Complutense de Madrid, en Economía de Empresa pola Universidade Politécnica de Madrid e Máster en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions. É o fundador e actual presidente de Grupo Matarromera, unha das familias adegueiras máis exitosas e prestixiosas da escena vitivinícola española, con presenza en 6 Denominacións de Orixe a través das súas 7 adegas.



Ignacio González Hernández

Licenciado en Ciencias Empresariais por ICADE (E-2), inicia a súa traxectoria profesional en Centros Comerciais Continente, despois Grupo Carrefour, durante 19 anos, asumindo a Dirección de Compras do Grupo e a Dirección Comercial de Francia. Posteriormente, incorpórase ao Grupo Campofrío, onde foi máximo responsable de Campofrío España e Xeral manager do sueste europeo. Na actualidade é o CEO do Grupo Nova Pescanova, multinacional galega líder do sector especializada na captura, cultivo, produción e comercialización de produtos do mar. Tamén é presidente de Ecoembes



Luis M. Pasamontes

Economista pola Universidade Autónoma de Madrid, especialista en marketing e investigación de mercados. Con mais de 18 anos en Nielsen, é un dos Senior Managers máis importantes. Ademais é coordinador do equipo de análises de mercado e desenvolvemento de novos produtos e servicios para o grupo.



Juan A. Vázquez Gancedo

Viticultor e socio de Viticultores Martín Códax, S. Coop. Galega. Entre os cargos que ostenta, é Presidente do Clúster Alimentario de Galicia, patrón do Observatorio Español do Mercado do Viño, vogal do Consello Regulador Rías Baixas e vogal do Consello Reitor da Plataforma Tecnolóxica do Viño. Ademais, é profesor de Mercadotecnia no Máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior da Universidade de Santiago de Compostela



Martín Códax

Juanjo de la Cerda y L. Baspino

Director Corporativo de I+D, calidade e sustentabilidade do Grupo Nueva Pescanova, estudou Bioloxía Mariña e Oceanografía na Universidade de Murcia. Con máis de 25 anos de experiencia no Grupo consolidou a Pescanova como un referente de innovación no sector mar-industria a través de proxectos nacionais e internacionais con especial énfase no desenvolvemento de produtos adaptados aos novos consumidores.





Foro Galicia Alimentación

RELATORES II



Nuria María Arribas Vera

Doutora en Enxeñería Agrónoma pola Universidade Politécnica de Madrid, actualmente é profesora asociada do Máster en Biotecnoloxía, Investigación e Seguridade Alimentaria da Universidad Europea Miguel de Cervantes de Valladolid. Ademais dende 2007 é a Directora de I+D+i da Federación española de Industrias de Alimentación y Bebidas (FIAB) e secretaria da Plataforma Tecnológica Food for Life-Spain (PTF4LS). En maio de 2016 foi nomeada membro do panel de expertos europeos en Bioeconomía.



Ana Isabel do Rego Felgueiras

Licenciada en Relacións Internacionais, Master en Xestión e Políticas Públicas, e Experta Universitaria en Responsabilidade e Innovación Social. Conta cunha ampla experiencia profesional en relacións internacionais e proxectos europeos e experiencia en investigación social. É membro do equipo da Cátedra Inditex de Responsabilidade Social da Universidade da Coruña e desde a súa incorporación a CLUSAGA, traballa na área de xestión e promoción de proxectos europeos.



Jaime Veiga Mateos

Enxeñeiro Químico pola Universidade de Santiago de Compostela e Licenciado en Psicoloxía pola UNED, conta con máis de 15 anos de experiencia na área de produtos de consumo (P & G, J & J) e nas áreas de innovación de busca e comprensión do consumidor/mercado. Actualmente é o coordinador de estratexias no sueste europeo para Johnson & Johnson ademais de profesor na IE Business School e na IE School of Human Sciences and Technology e Director Académico do Master en Comportamento do Consumidor.



Manuel Antonio Botana López

Doutor en Medicina pola Universidade de Compostela, Especialista en Endocrinoloxía e Nutrición, traballa no Hospital Universitario Lucus Augusti na área de Endocrinoloxía Clínica, tamén é co-responsable da nutrición clínica. Participou en varios proxectos de investigación no campo da endocrinoloxía, diabetoloxía, nutrición e aterosclerosis e anteriormente foi Presidente da Sociedade Galega de Endocrinoloxía, Nutrición e Metabolismo.



Antonio Cuevas Iglesias

Enxeñeiro Químico pola Universidade de Compostela, MBA Executive, Administración e Xestión de Empresas pola Universidade Pontificia Comillas ICAI-ICADE. Máis de 15 anos traballando para o grupo CALVO, onde é Director de I+D+i, xestionando os principais proxectos de investigación. Asemade é profesor no Posgrado de Xestión Empresarial da Innovación na Universidade da Coruña.

